

# Os pareados

Trúa, dúa, tripe, trapo,  
as estacións sonche catro.

Tera, pera, sera, lera,  
estamos na primavera.

Tan, tarantán, tarantán,  
vén cantando don verán.



Ton, torontón, torontono,  
sopra feliz don outono.

Terno, cuterno, ternón,  
chega este inverno roucón.

Antonio García Teijeiro: *Un rato díxolle á lúa,*  
Edicións Xerais.

1 Di que palabras riman en cada parella de versos.

Un pareado é unha estrofa de dous versos seguidos que riman.

2 Completa os pareados cos nomes das flores:

Eu dareiche un ...  
se ti te chamas Iván.

Eu dareiche un ...  
se ti te chamas Raquel.

Eu dareiche unha ...  
se ti te chamas Noelia.

Eu dareiche un ...  
se ti te chamas Fermín.

Eu dareiche flor de ...  
se ti te chamas Omar.

E a ti douche unha...  
para que vaías de troula!

Cristina Montes



camelia



azar



papoula



caravel



xasmín



tulipán

## OBRADOIRO DE EXPRESIÓN

Formo pareados cos nomes da clase.

1 Cada neno ou nena di en alto o seu nome e apelido: *Paulo Valado*.

2 Buscamos unha palabra que rime co apelido. Por exemplo: *xeado*.

3 Inventamos o pareado: *A Paulo Valado gústalle o xeado.*

